



PREGUNTA ORAL SOBRE A POSTA EN MARCHA DO SISTEMA DE ROTACIÓN DO APARCADOIRO DE PONTEPEDRIÑA E A ORDENACIÓN DA CONTORNA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O correcto funcionamento do aparcadoiro público de Pontepedriña, consonte ao seu carácter de “disuasorio”, foi unha constante desde a súa posta en servizo no pasado mes de xaneiro.

Todos os grupos municipais conviñemos desde un primeiro momento na necesidade de adoptar un sistema de control nestas instalacións que impedira a estancia permanente de vehículos nese espazo –os denominados vehículos ventosa- e garantira a rotación, facilitando o movemento de vehículos e ampliando así as posibilidades para o estacionamento para os centos de persoas que a diario se ven obrigados a empregar o coche nos seus desprazamentos desde os arredores.

Así se puxo de manifesto na moción presentada con ese fin polo noso grupo no pasado mes de febreiro que acadou o apoio unánime da Corporación, incluído o propio Grupo de Goberno.

Transcorridos cinco meses daquel acordo, o Partido Popular volveu interesarse por esta cuestión a través dunha pregunta en Pleno. Na súa contestación, o concelleiro encargado desta área xustificou a demora na adopción desta medida para conseguir a rotación de vehículos na espera dun informe do ADIF –que cedera os terreos para un aparcadoiro gratuito-, posto que o modelo que se prevía por parte do Goberno era o cobro, aínda que se trataba dunha cantidade simbólica.

Mentres tanto, cando se vai cumprir un ano desde a apertura deste aparcadoiro, a súa saturación, de noite e de día, é unha constante. Os únicos vehículos que rotan son os que conducen as pacientes persoas que deambulan pola contorna na procura dunha praza para deixar o seu coche.

Na maior parte do día, a ausencia de prazas é total, non so na superficie habilitada para este fin, senón en todos os arredores, incluídos xardíns e zonas verdes, onde os vehículos campan no medio dunha crecente desorde e degradación ambiental.

Tendo en conta esta situación, formulamos a seguinte pregunta:

Non ten contemplado o Goberno outra posible alternativa na regulación do aparcadoiro de Pontepedriña que non sexa o cobro, para cumprir, de forma urxente, co seu compromiso e coa imperiosa necesidade de garantir a rotación de vehículos, e poñer fin tamén á desorde e a degradación ambiental que se produce pola presión de vehículos nas áreas circundantes non habilitadas para o estacionamento?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2016



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular